

A xente

Ola chámome Uxía. Un día estaba en clase de debuxo, entrou unha rapaza que se chamaba Rosalía de Castro . Quixen coñecela pero como eu era moi tímida non fun falar con ela.

A profesora de galego mandounos escribir poemas pero como eu non sei moito de poemas pedinlle axuda a Rosalía de Castro porque ela sabe moito sobre iso. Ela axudoume a escribir o meu poema e ela tamén escribiu o seu poema que lle chamou Cantares Gallegos.

A profesora pediulle a Rosalía que saíra a expoñer. Cando empezou levantouse un rapaz e empezou a dicir burradas sobre o poema. Rosalía sentoulle moi mal e foi a chorar no baño fun detrás dela e díxenlle que non lle fixera caso a xente que ti podes conseguir o que queiras.

O día seguinte fun a clase e encontrei o rapaz que se burlou de Rosalía e díxenlle porque fixeches iso el dixo que vosoutras non tedes que estar aquí se non na casa limpando os pratos. Cando dixo iso Rosalía deulle unha labazada en toda a cara. Como o profesor tamén era machista votounos da clase. Eu dixen porque a xente pensa iso das rapazas. Rosalía díxome que a xente pensa que as mulleres non poden estudar.

O martes veu un famoso moi importante a nosa clase e díxonos quen fai o mellor poema vai gañar unha cantidade de diñeiro da nosa clase ninguén quixo participar pero Rosalía levantouse e dixo eu quero participar. O home sorprendeuse porque é a única rapaza que participou de todos os cursos.

Empezou o concurso e Rosalía empezou a escribir o seu poema. Ela foi a primeira en rematar pero houbo un rapaz moi celoso dela colleu o seu poema e rompeullo. Rosalía púxose moi triste mentres ela estaba pensando acordouse do seu poema que era Cantares Gallegos.

Pois todos presentaron os seus poemas pero Rosalía foi a última en presentalo. Pero cando o leu o home sorprendeuse do seu poema.

Ela gañou o premio. **Fin**